

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXP. Nº: 2025/G005/000009.

Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións do Excmo. Concello de Lugo, DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 12 de marzo de 2025, ás 10:00 HORAS**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CONXUNTO EDIFICATORIO EN DÚAS FASES PARA 35 VIVENDAS, ROCHOS E PRAZAS DE APARCADOIRO, SITA NA RÚA DOUTOR GASALLA, NÚMERO 29, E RÚA POETA RAMÓN CABANILLAS, NÚMERO 17 (Exp. 2022/Y001/000011).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

2. CONTRATACIÓN DO PROGRAMA "CAMIÑO ÁS AULAS" NOS CENTROS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025-C003-000009.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

BENESTAR SOCIAL

3. RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DO GABINETE MUNICIPAL DE ACCESIBILIDADE POLO QUE SE LLE DENEGOU A EXCEPCIONALIDADE PARA UN LOCAL DESTINADO A SALÓN DE

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac8599421008715770334.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 12-3-2025

BELEZA SITUADO NA PRAZA DO REI, Nº 17, BAIXO DEREITA.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ao vicesecretario, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó interventor xeral municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

<i>Asinado dixitalmente polo Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, don Rubén Arroxó Fernández.</i>
